

Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 20 de xullo de 2022 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por Jose Crespo Iglesias en nome e representación da **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra, co núm. **2009/012690-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 7 de xullo de 2022, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

Presidente	JOSÉ CRESPO IGLESIAS
Vicepresidenta	CARMEN LAREO MORAO
Secretario	MANUEL BLANCO VILLAR
Tesoureira	MARIA ANGELES BALDONEDO TABOADA
Vogal	ROCIO CORRAL LAZARA
Vogal	NICOLAS PEREZ IGLESIAS
Vogal	MARIA DOLORES SIMON VALLADARES
Vogal	ADOLFO CAMPOS VAZQUEZ
Vogal	MARIA DEL PILAR PEON IGLESIAS
Vogal	VERONICA PICHEL GUISANDE
Vogal	JOSE LUIS FACTOR RODRIGUEZ
Vogal	CECILIA DOPORTO REGUEIRA
Vogal	CARMEN RODRIGUEZ DATORRE
Vogal	PATRICIA MARIA MARTINEZ RODRIGUEZ
Vogal	CARMEN FERNANDEZ PEREIRAS



Vogal	JULIO LOPEZ CARBALLAL
Vogal	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Vogal	MARIA JESUS GARCIA DIEGUEZ
Vogal	MARIA CRESPO VARELA
Vogal	MARIA DEL CARMEN CASAL TATO
Vogal	KIM LLOBET SABAS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeira. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segunda. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceira. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarta. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

Ramón Pereiro Santín

Xefe territorial

P.A. (Orde do 05.07.2021)

Marcos Barreiro García

Xefe do Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES
Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo de xestión técnico-administrativa e interior
Avda. María Victoria Moreno 43, 9º
36003 Pontevedra
T. +34 986 805 376
asociacions.pontevedra@xunta.gal

CVE: IOUwIP3okKsS1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

